

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2026

A meirande parte dos pacientes acceden á Unidade por Urxencias

A Unidade de Lesionados de Tráfico de HM Hospitales en Santiago atendeu durante 2025 a 1.517 pacientes

- Contabilizáronse 4.870 consultas con Traumatoloxía e outras especialidades, 1.507 probas radiolóxicas, 20.186 sesións de fisioterapia e 13 cirurxías
- HM Hospitales encárgase tamén de todos os trámites legais e administrativos coas compañías de seguros

Ao longo do ano 2025, un total de 1.517 pacientes recorreron á Unidade de Lesionados de Tráfico de HM Hospitales en Santiago de Compostela para avaliar e tratar os seus problemas de saúde derivados dun accidente de circulación.

A gran maioría dos pacientes acceden á Unidade a través do Servizo de Urxencias, onde son avaliados e derivados, en función de cada caso, ao especialista correspondente. Neste sentido, aínda que a atención que se dispensa é multidisciplinaria e coordinada, as áreas que teñen un maior peso na Unidade de Lesionados de Tráfico, ademais das propias Urxencias, son Traumatoloxía, que rexistrou 4.608 consultas, Fisioterapia, con 20.186 sesións de rehabilitación, e Radiodiagnóstico, con 1.507 probas en 2025. Ademais, contabilizáronse 262 interconsultas con outras especialidades e 13 intervencións cirúrxicas.

A directora médica de HM Hospitales en Santiago, a Dra. Gema Castiñeiras, subliñou a importancia de acudir a Urxencias nas primeiras horas posteriores ao accidente, aínda que a priori a lesión non pareza importante, “un accidente de tráfico sempre é unha situación de estrés e é frecuente que, cando non se trata de lesións moi graves, prioricemos a reparación do vehículo á nosa propia atención sanitaria. Pero isto ten o risco de que unha lesión leve se complique ao non darlle o tratamento que require desde o primeiro momento e tamén de que, se non se acode a Urxencias nas primeiras 72 horas, o seguro non se faga cargo dese tratamento posposto”.

A doutora lembrou tamén o dereito da persoa que sofre un accidente de elixir o hospital no que desexa ser atendido e puxo en valor o servizo ofrecido na Unidade de Lesionados de Tráfico de HM Hospitales, “onde prestamos unha atención integral e personalizada, cos mellores especialistas e os máis avanzados medios diagnósticos”.

Por outra banda, HM Hospitales lembra que calquera persoa accidentada pode acudir sen custo algún á Unidade de Lesionados de Tráfico en Santiago, aínda que non conte cun seguro de saúde privado. Ademais, esta non só se encarga de ofrecer aos accidentados a atención médica que necesitan, senón que se ocupa de todos os trámites legais coas compañías de seguros.

HM Hospitales

HM Hospitales é o Grupo hospitalario privado de referencia a nivel nacional, baseando a súa oferta na excelencia asistencial sumada á investigación, a docencia, a constante innovación tecnolóxica e a publicación de resultados.

Dirixido por médicos e con capital 100% español, conta na actualidade con 7.500 traballadores laborais que concentran os seus esforzos en ofrecer unha medicina de calidade e innovadora centrada no coidado da saúde e o benestar dos seus pacientes e familiares.

HM Hospitales está formado por 54 centros asistenciais: 23 hospitais, 3 centros integrais de alta especialización en Oncoloxía, CardioloXía, Neurociencias, 5 centros especializados en Medicina da Reprodución, Saúde Ocular, Saúde Bucodental, Medicina Estética e Cirurxía Plástica e Prevención Precoz Personalizada, ademais de 23 policlínicos. Todos eles traballan de maneira coordinada para ofrecer unha xestión integral das necesidades de saúde dos seus pacientes.

Actualmente, HM Hospitales en Galicia dispón 4 hospitais con máis de 250 camas e 23 quirófanos que responden a todas as especialidades médicas e cirúrxicas, e conta coa máis avanzada tecnoloxía de diagnóstico por imaxe. Destacan a UCI de adultos e neonatal, os servizos de urxencias 24 horas e urxencias pediátricas, a medicina nuclear e HM Fertility Center entre outros. Estes recursos veñen sumarse aos do resto do grupo no conxunto de España, todos eles coa maior cualificación técnica e humana.

Departamento de Comunicación HM Hospitales

Irene Montero Díaz



981 21 66 77



647 56 48 65



irenemontero@octo.es



www.hmhospitales.com